



PLAN DE ACOLLIDA

C.E.I.P. MESTRE VIDE

2018

PLAN DE ACOLLIDA 2017-2018

- a. Criterios de escolarización. Páx. 031
- b. Asignación a aula. Páx. 031
- c. Información ao equipo directivo, titor, familias. Páx. 031
- d. Grupo de adquisición de linguas. Páx. 032
- e. Grupo de adaptación de competencia curricular. Páx. 033
- f. Escolarización do alumnado que provén do estranxeiro.
- g. Temporalización. Páx. 036
- h. Recursos. Páx. 037
- i. Avaliación. Páx. 038

INTRODUCCIÓN

Cada curso escolar anos incorpóranse ao CEIP Mestre Vide novos docentes, e alumnado, non soamente da etapa de Educación Infantil, que comezan a súa escolaridade, procedentes doutros colexios ou, aínda que en menor número, inmigrantes. Trátase dun alumnado moi diferente, pero cunhas características en común, non é fácil para ningún deles, pasar dun ambiente que se coñece e domina a outro descoñecido. Todos estes cambios provocan ansiedade, malestar e incerteza. No proceso de adaptación, as persoas teñen que coñecer ese lugar, facelo propio e establecer vínculos de relación. O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de todos. A chegada de poboación estranxeira á nosa CCAA, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está incidindo de xeito moi notable na evolución da diversidade da nosa poboación escolar. O mundo escolar no que nos toca vivir hoxe en día supón unha realidade cambiante por iso desde a escola temos que entender a educación como “intercultural”, é dicir, non se trata de anular as diferentes culturas, senón de integralas coa nosa, buscando así unha maior riqueza cultural.

Cando un inmigrante, chega ao noso país atópase cunha serie de problemas, entre eles, destacan os referidos o idioma e a Educación. A miúdo, pretendemos que asimilen o noso idioma e a nosa cultura, sen respecto á súa propia. Isto non é favorable. Debemos aceptar que se trata dun proceso de adaptación mutua, de comprensión e aceptación, entre o que chega e o que acolle.

Por todo o anteriormente citado e partindo de que o noso centro entende a educación como “un proceso de interacción entre as diversas culturas en contacto, desde unha perspectiva de enriquecemento mutuo; sempre dentro do respecto ós dereitos humanos e a aceptación dos dereitos e deberes no ámbito escolar”, decidimos levar a cabo un programa de acollida ao alumnado de integración tardía no sistema educativo español, para fixar unhas directrices básicas a seguir e garantir unha axeitada acollida e integración deste novo alumnado que está chegando ós centros educativos

A diversidade é un feito na sociedade que nos toca vivir, e conseguintemente é unha realidade na escola.

O Plan de Acollida, trata de dar resposta a estas necesidades, contemplandoas accións a desenvolver en relación coa incorporación do novo profesorado e alumando co obxecto de coordinar a estas para que a acollida sexa satisfactoria dos novos, tendo en conta que este plan se enmarca dentro do Plan de Acción Titorial (PAT), e que algunhas das súas actuacións deberán completarse con outras recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e elabórase coa finalidade de dar resposta a esta nova realidade escolar e social: a chegada de poboación de orixe estranxeira e o retorno de emigrantes galegos. Esta nova realidade require a adopción, por parte da escola, de medidas de tipo organizativo e de tipo pedagógico.

A primeira medida é procurar canto antes a súa integración. Se ben, co alumnado procedente do estranxeiro enfrontámonos a situacións como: A existencia ou non de escolarización previa no seu país de orixe.

- desaxuste entre sistemas educativos.

- descoñecemento do noso sistema educativo.

- Os desfases curriculares.

- O idioma do seu país de procedencia e a realidade de tres linguas no centro escolar: galego, castelán e inglés.

A problemática derivada dunha situación socioeconómica desfavorecida. A incorporación en calquera data do curso escolar, non coincidente necesariamente co inicio do curso.

Por outra banda, esta nova poboación escolar ofrece un enriquecemento para

a comunidade educativa en xeral e para a educación do alumnado en particular, como: O contacto cunha cultura diferente que contribuirá a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.

O contacto con costumes diferentes que facilitarán a aprendizaxe na resolución de conflitos nunha sociedade plural.

A achega doutros valores que, na convivencia diaria, favorecerá unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.

AS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO ESTRANXEIRO.

A realidade e a situación do alumnado estranxeiro van ser as que determinen as súas necesidades educativas, polo que será necesario analizarlas para o deseño de medidas que se pretenden adoptar.

Aínda que se trata de un colectivo heteroxéneo en canto a súa procedencia (nacionalidade, nivel de escolarización no seu país de orixe, zona de procedencia rural ou urbana,..) pódense mencionar unhas características que son comúns a todo o alumnado estranxeiro.

Trátase dun colectivo que adoita a ter dificultades escolares, en moitas ocasións asociadas a carencias socioeconómicas máis que a diferenzas culturais. Existen tres factores que determinan a aparición de dificultades específicas no alumnado inmigrante respecto ao conxunto do alumnado.

1. A idade coa que chegan a Galicia. As dificultades son menores se achegada e a escolarización se producen a unha idade temperá.

2. A existencia ou non de escolarización previa no seu país de orixe. A inexistencia de hábitos de traballo, o descoñecemento da dinámica da aula e do centro educativo ou o desfase curricular son dificultades engadidas á escolarización. Como consecuencia, a influencia da escolarización anterior, se existe, será tanto máis favorable canto máis similar sexa o sistema educativo do país de orixe.

3º O dominio dun dos nosos dous idiomas oficiais é outro factor determinante do éxito escolar. Algúns chegan a Galicia cun historial de escolarización previo e coñecendo o noso idioma, aspecto que facilitará a súa integración. O feito de ter desenvolvidas unhas boas habilidades e estratexias comunicativas e lingüísticas será o factor máis importante e determinante do éxito escolar.

En moitos casos, a estas dificultades engádense as desvantaxes derivadas dunha situación socioeconómica desfavorecida, ocasionada pola eventualidade de traballo e vivenda en que viven as súas familias.

Con certa frecuencia, existe un alto índice de absentismo escolar entre este alumnado. Normalmente é un absentismo intermitente, de faltas breves pero frecuentes, debido a eventualidade das estancias.

Falta de motivación cara ao estudo, que pode estar relacionada cos seguintes aspectos.

1º A falla de identificación coa súa cultura que se reflicte no currículo e na vida do centro.

2º A falla de atención e ou as escasas expectativas do país de orixe.

3º Falla de interese das familias polos estudos, e un pobre ambiente educativo nas familias.

Falla de integración social. Pode ser un alumnado con relacións extra escolares pobres.

Escasa relación co centro educativo das familias deste alumnado. Entre estas causas pode estar o descoñecemento do idioma, polo que as familias que non falan ningún dos dous idiomas oficiais de Galicia teñen que acudir ao centro educativo acompañado doutra persoa que faga de tradutor. Aínda que son os titores legais os que veñen a tramitar a matrícula, non adoitan acudir posteriormente ás reunións cando son convocados. A presenza das nais en determinadas minorías étnicas é practicamente nula, xa que culturalmente as mulleres están relegadas as tarefas domésticas. Este feito está relacionado co descoñecemento da organización e funcionamento das institucións, entre elas a escola.

Pola contra, esta nova poboación escolar que está a chegar, ofrece tamén unhas características positivas para a educación de todo o alumnado, como son:

1º Unha cultura e costumes diferentes, que contribúen a ampliar os coñecementos xeográficos, históricos e a visión global do mundo.

2º A achega doutros valores, que na convivencia diaria favorecerán unha aprendizaxe real e práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.

3º O contacto coa diferenza que, ás veces pode producir un choque deculturas, forzará a ensinar e a aprender a resolver os conflitos, de xeito que todo o alumnado vaia madurando como cidadáns dunha sociedade plural.

MARCO LEGAL.

O marco legal do Plan de Convivencia parte da Constitución Española, no seu artigo 27.2 recolle que: “A Educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.”

A Orde 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e os criterios para a escolarización en centros públicos do alumnado con NEE.

A L.O.E. (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación) no Título II, capítulo I, sección terceira, artigo 78 di: “As Administracións Educativas garantirán que a escolarización do alumnado estranxeiro que acceda de xeito tardío o sistema educativo español se realice atendendo as súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico, de modo que se poida incorporar ao curso máis axeitado as súas características e coñecementos previos, cos apoios oportunos, e desta forma continuar con aproveitamento a súa educación”. No Artigo 79.1 afirmase que “corresponde ás administracións educativas desenvolver programas específicos para os alumnos que presenten graves carencias lingüísticas ou nas súas competencias ou coñecementos básicos, a fin de facilitar a súa integración no curso correspondente”. Art. 79.2. “O desenvolvemento destes programas será en todo caso simultáneo á escolarización dos alumnos en grupos ordinarios, conforme ao nivel e evolución da súa aprendizaxe”. Art. 79.3. “Correspóndelle as Administracións Educativas adoptar as medidas necesarias para que os pais ou tutores do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo español reciban o asesoramento necesario sobre os dereitos, deberes e oportunidades que comporta a incorporación ao sistema educativo español”. Esta sección cuarta do capítulo I do Título II e o artigo 79 bis introducidos polo apartado cincuenta e nove do artigo único da L.O. 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa («B.O.E.» 10 decembro).

A Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específicas ao alumnado procedente do estranxeiro.

CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA.

O Plan de Acollida vai a ser levado a cabo no CEIP Mestre Vide situado no barrio de As Lagoas, na localidade de Ourense e na provincia de Ourense.

A xustificación de dito programa relacionase coa constante chegada de alumnado estranxeiro ós centros da CCAA de Galicia, e aínda, que no noso centro non se rexistra un alto índice de matriculación de alumnos/as procedentes do estranxeiro é previsible que este vaia en aumento.

5. OBXECTIVOS

O Plan de Acollida é necesario entendelo como un conxunto estruturado de accións encamiñadas a consecución dun obxectivo. Polo tanto, no caso deste Plan de Acollida, este será o conxunto de medidas educativas que o CEIP MESTRE Vide vai a levar a cabo para conseguir que a adaptación do alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo sexa o máis positiva posible.

A finalidade principal do Plan de Acollida para o alumnado inmigrante é facer dos primeiros días no centro unha situación máis fácil e máis humana e, en consecuencia, lograr con facilidade a súa integración escolar. Para isto, deberanse establecer os seguintes obxectivos:

Obxectivos xerais:

Conseguir que o alumnado e o profesorado que se incorpora ao CEIP Mestre Vide se integre con facilidade, teña unha boa adaptación as novas condicións nas que se vai a desenvolver a súa escolaridade e reciba unha axeitada atención durante a súa estada no centro.

Obxectivos específicos:

Asumir como centro, dun xeito global, o deseño e posta en práctica das respostas educativas que precisa este alumnado.

Favorecer a súa adaptación progresiva ó centro.

Proporciona, ós pais e ó propio alumnado, información sobre o funcionamento e organización do centro educativo.

Fomentar actitudes de respecto cara a estes alumnos e alumnas e facilitarlle o proceso de integración.

Promover a educación intercultural no centro desde unha perspectiva global, dirixida a todo o alumnado e asumida por toda a comunidade educativa.

Facilitar a escolarización do alumnado estranxeiro no centro.

Garantirle unha educación de calidade, cos mesmos dereitos e deberes que os demais.

Proporcionar a información precisa ao profesorado para responder

as esixencias educativas.

Promover a realización de actuacións que faciliten a integración efectiva do alumnado estranxeiro e as súas familias na comunidade educativa.

Potenciar a aparición de actitudes de tolerancia e diálogo.

Facilitar o tránsito dende a familia ou doutra escola cunhas relaciónscoñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relacións.

Establecer liñas de colaboración coas familias, informales e implícitas no período de adaptación.

Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creadas polo cambio de situación, favorecendo a sensación de seguridade, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización diferente e a un mundo relacional distinto.

Acadar unha adaptación plena do alumnado á escola para o seu correcto desenvolvemento.

Fomentar actitudes de respecto á diversidade, facilitando o proceso de integración ao grupo e centro.

Facilitar o coñecemento do centro e do seu funcionamento ao novo profesorado, alumnado e familias, favorecendo a integración na súa dinámica.

Coñecer as circunstancias persoais de cada alumno/ a.

A consecución destes obxectivos significará a integración dos alumnos/as estranxeiros no noso centro e a creación dun modelo acorde coas esixencias dunha sociedade plural, diversa e complexa.

6. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACTUACIÓN.

6.1. RESPONSABLES DAS ACTUACIÓNS.

1. Equipo Directivo.

Correspóndelle ó Equipo Directivo a recepción do alumno/a e dos seus pais.

Esta terá lugar nos despachos de secretaría ou na dirección. A finalidade desta primeira toma de contacto é a matriculación do alumno ou alumna e o intercambio de información.

Para a formalización da matrícula, a familia deberá aportar a informaciónnecesaria para facilitar a integración do seu fillo/a tales como: lugar de orixe, situación persoal e laboral, escolarización previa, competencia comunicativa, expectativas con respecto ao centro,...

Por outra parte, o Equipo Directivo facilitará información básica sobre:

O Sistema Educativo Español.

As etapas educativas que impartimos no centro.

Os grupos e niveis dos que dispoñemos.

Os recursos materiais e humanos cos que contamos.

O IES ó que estamos adscritos ó rematar a E. Primaria.

O horario de clases e de atención a pais/nais.

A oferta de actividades complementarias.

As actividades nas que colabora a ANPA.

Os servizos cos que contamos: comedor.

As normas xerais de funcionamento establecidas NOF .

Calquera outra información que poida ser de interese para a familia. Mostraránselle ao alumno/a e aos seus pais as instalacións e dependencias do centro. Unha vez formalizada a matrícula, emprazárase de novo ós pais para iniciar a escolaridade do alumno. Como criterio xeral, matricularase provisionalmente ó alumno/a no nivel que lle correspondería por idade co compromiso de revisar tal decisión no prazo dunha semana (cinco días hábiles).

Unha vez matriculado, solicitarase, se é o caso, ao organismo competente o traslado do expediente do alumno/a.

O Equipo Directivo informará desta nova escolarización ao profesor titor, ao equipo docente e ao Departamento de Orientación.

2. Profesor/a titor/a.

O primeiro día de clase é un momento moi importante para o alumnado que chega de fóra e, en moitos casos, co curso xa avanzado. Aínda que a súa escolarización nun determinado grupo clase sexa provisional (mentres se realiza a avaliación inicial), iso non impide levar a cabo unha serie de actuacións encamiñadas a favorecer a súa integración no centro. Consideramos prioritario dar resposta ós sentimentos de inseguridade, ós medos, ás estrañezas,... que poida presentar o alumno/a. Coa finalidade de minimizar estes sentimentos faise imprescindible facer unha preparación para recibilo sen deixar estes momentos á improvisación ou ó acontecer espontáneo, polo que o profesor/a titor/a debe:

Informar ó equipo docente dese grupo clase da incorporación inmediata dun novo alumno/a.

Ter notificado previamente ós seus alumnos a existencia dun novo compañeiro e o seu nome.

Ter realizado algunha actividade previa á incorporación co seu grupo clase:

nome do país de procedencia, situación xeográfica, lingua,

costumes,...

O día da súa incorporación, facer as presentacións de todos os nenos/as do grupo.

Presentarse como titor/a e explicarlle ó novo alumno/a que terá tamén outros profesores: de inglés, de educación física, música,...

Explicarlle que estas clases teñen outro espazo físico e que a elas irá acompañado co resto do grupo.

Contar coa axuda e colaboración dalgún neno/a para a titorización á hora de desenvolverse polo centro: cambios de clase, polideportivo, aseos, patio de recreo,.... Presentalo ós distintos profesores especialistas.

Nestes primeiros días de clase do novo alumno/a, o profesor/a titor/a realizará a avaliación inicial. Contará coa colaboración do equipo docente e co departamento de orientación. Recollerá por escrito as conclusións do proceso de avaliación e poñeraas en coñecemento dos profesionais implicados e da dirección educativa.

3. Departamento de Orientación

Unha vez formalizada a matrícula, a xefa do departamento de orientación concertará unha entrevista coa familia coa finalidade de recoller unha información máis polo miúdo que resultará necesaria para facer a proposta de escolarización.

Nesta reunión coa familia recollerase información a través dos documentos correspondentes a entrevista as familias e solicitarase da familia a conformidade asinada de avaliación psicopedagóxica por se fose necesaria.

Con posterioridade, e xa integrado provisionalmente o alumno/a no grupo clase, o procedemento é o seguinte:

Revisión da documentación existente e do expediente escolar (se o houbese).

Colaboración co profesor/a titor/a na avaliación inicial do alumno/a.

Observación directa no grupo clase (actitude, participación, relacións cos demais,...).

Participación directa na avaliación individual do alumno/a (pedagóxica e psicopedagóxica, se procede).

Revisión e análise da información do profesor/a titor/a e da avaliación inicial realizada.

Realización de informe con proposta de escolarización

6.2. ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN.

6.2.1 Alumnado que inicia a súa escolaridade na Educación Infantil.

Na matriculación:

O equipo directivo recibirá ás familias durante a matriculación (do 20 ao 30 de xuño para o alumnado de Educación Infantil e Primaria, segundo O Decreto 254/2012, do 13 de decembro: Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos; a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado e a ORDEN de 25 de enero de 2017 por la que se modifica la Orden de 12 de marzo de 2013 por la que se desarrolla el procedimiento para la admisión del alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos que impartan enseñanzas de 2o ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación, correspondente e respondendo ás preguntas que se susciten. Anticipaselles que no mes de xuño serán convocadas a unha primeira xuntanza co profesorado sen a presenza dos nenos/ as para coñecer a escola e todo o relativo ao proceso de incorporación destes/ as.

Tamén poderán entregar a documentación na escola correspondente, sendo o titor/a responsable de facerlla chegar posteriormente ao Equipo Directivo, debendo escribir nos documentos a data de recepción dos mesmos.

Durante a 1a quincena de xuño:

O equipo docente de educación infantil analizará os datos do novo alumnado admitido.

Se houberse alumnado con algunha necesidade específica de apoio educativo o Departamento de Orientación (xefe do departamento de orientación) terá un primeiro contacto coas familias para recadar información sobre o alumnado. Posteriormente determinaranse, se fose o caso, as actuacións pertinentes, lendo os informes do EOE no caso de que existan.

Durante a 2a quincena de xuño:

1o) O equipo de educación infantil fará unha xuntanza informativa xeral coas familias. Sobre todo, é importante que os pais e nais reciban nesta primeira reunión toda a información práctica relativa á vida da escola e á permanencia nela do seu fillo/ a e sexan conscientes da necesidade de colaboración coa escola.

Puntos que se poden tratar nesta primeira reunión:

- Expoñer as liñas básicas do Proxecto Educativo.
- Informar sobre o horario da aula (distribución do tempo,

actividades...).

- Informar sobre o profesorado especialista co que se conta.
- Xustificar e explicar o período de adaptación.
- Explicar a importancia de preparar o alumnado no verán reforzando hábitos que favorezan a súa autonomía en alimentación, vestido, aseo e control de esfínteres. - Presentar en que forma se planificará a entrada graduada e cal será o horario.
- Comentar a postura que deben manter as familias, cunha actitude non proteccionista e que transmita unha imaxe real da escola.
- Anticipar que durante o mes de setembro ou xuño (segundo titor) serealizarán as entrevistas para recadar información significativa.
- Informar dos diferentes servizos que ofrece o centro escolar.
- Invitar aos pais e ás nais a expresar as súas dúbidas, inquiredanzas e iniciativas.

2) Visita á escola do alumnado xunto coa súa familia.

É conveniente que os nenos/as acudan á escola para ter os primeiros

contactos co grupo, materiais, espazos, profesorado,... As quendas de visita quedarán establecidas na reunión anterior.

Durante a 1a quincena de setembro:

O equipo docente de educación infantil:

Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.

Realizará a entrevista persoal ás familias co obxecto de recompilar datos

sobre o/ a alumno/ a (datos físicos e de saúde, desenvolvemento xeral, relacións, sociofamiliares,...).

Durante a 2a quincena de setembro:

O alumnado de continuidade no centro virá dende o primeiro día en xornada completa.

O alumnado de nova incorporación permanencia terá un período de adaptación, que se corresponderá coa permanencia na escola de dúas horas durante a 1a semana e de tres durante a 2a, este período de adaptación realizarase en base ao número de alumnos/as, chegando a acordo entre o/a titor/a de 4o curso de Educación Infantil, a dirección e orientación educativa.

A partir do mes de outubro: As actuacións son as normais, polo que todo o alumnado fará o horario establecido polo CEIP Mestre Vide

6.2.2.- Alumnado procedente doutros centros educativos.

No momento da solicitude de admisión e/ ou matrícula:

Ao formalizar a matrícula, o equipo directivo informará ás familias

acerca do CEIP Mestre Vide e responderá ás preguntas que se susciten.

Os nenos/ as deben visitar a escola, sempre acompañados dalgún membro da familia, para ter os primeiros contactos co grupo, materiais, espazos da escola, profesorado,...

Durante a 1ª quincena de setembro:

O titor/a convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a una entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do CEIP Mestre Vide. e da escola de procedencia recadarase a información que corresponde ao seu expediente educativo.

Tamén se aproveitará para ensinalles a escola, se aínda non a coñeceran.

6.2.3.- Alumnado procedente do estranxeiro.

A incorporación de alumnado inmigrante ao noso centro, ata o curso actual 2017/2018 é practicamente inexistente, pero polo feito de que en calquera momento do curso escolar puidera ter lugar a incorporación dun alumno/a procedente do estranxeiro, e, ante as singulares características e necesidades destes nenos/a fai necesario dedicarles un espazo especial dentro do noso Plan de Acollida.

A chegada a un centro educativo supón para un alumno/ a inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu do que descoñece case todo (en moitos casos a lingua, os seus compañeiros/ as da clase, o centro coas súas regras propias, o tipo de actividade escolar,...). E todo iso nun momento persoal difícil, ao estar vivindo simultaneamente a perda de todo o que lle era querido ata ese momento. Esta situación agrávase cando a súa experiencia e bagaxe educativa son moi distintos aos do resto dos seus compañeiros/ as.

Así, estes alumnos/ as enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino aprendizaxe

dunha lingua diferente á lingua materna.

- Diversos referentes culturais, o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.

- Diferentes niveis académicos, algúns alumnos/ as presentan un ou varios

cursos de desfase curricular en relación á súa idade.

- Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización.

Unha boa acollida para o alumnado que se incorpora por vez primeira supón

ofrecer un espazo para o seu desenvolvemento persoal, cultural e social, debendo o centro adaptar e sistematizar a súa resposta educativa tras unha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado.

Algúns aspectos que será fundamental concretar entre toda a comunidade

educativa, e que, polo tanto, formarán parte da ideoloxía do noso centro son os que a continuación analizaremos:

1) Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural:

O Programa de Acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con tódolos axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais e desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos...) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Este labor levarase a cabo con:

- O alumnado, a través da titoría e de tódalas áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
- As familias, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.

O profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos.

2) Acollida á familia no centro:

Recibimento:

Debemos coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos/as e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. Este debe ser acolledor (a relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración). É esencial transmitirilles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos/ as estarán atendidos debidamente e

facérlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

Se non coñecen ningunha das dúas linguas oficiais de Galicia, facilitaráselles a información por escrito traducida ao seu idioma.

Información achegada polo centro:

O membro do equipo directivo que reciba aos pais ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

Sistema educativo español.

Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora o alumno/ a: división en ciclos na etapa de educación infantil, cursos na etapa de , materias, sistema de avaliación, promoción,...

O funcionamento do centro: quén somos, qué facemos e qué obxectivos pretendemos.

Documentos e normas do centro.

Calendario escolar.

Horario xeral do centro.

Canles de participación na vida do centro (celebracións, actividades,...).

Procedemento e horario de atención aos pais do profesorado e equipo directivo.

Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.

Instalacións do centro (dirección, secretaría, departamento de orientación, biblioteca,...).

Material escolar necesario.

Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas...

Das cales pediráselles a pertinente autorización asinada.

Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.

Servizos fora da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia,...

Información sobre as funcións e actividades da ANPA.

Documentación solicitada:

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.

Información sobre a súa procedencia.

Recomendacións:

Co alumnado que non fale o galego nin o castelán, haberá que buscar a comunicación desde o primeiro momento, dirixíndonos a eles con mensaxes claras e contextuais, axudándonos de gráficos,

imaxes ou algún xesto.

Hai que evitar que non estea incomunicado moito tempo: ensinarlle a escola e os espazos; animalo a participar no recreo; que non estea só nas entradas e saídas, que saiba coller o autobús, etc.

Para implicar a toda a clase resulta eficaz transmitir algunhas indicacións que favorezan a inmersión lingüística dos que acaban de chegar e a comunicación con eles:

- Debemos darlle un bo modelo lingüístico e, polo tanto, non falar xesticulando

ou gritando excesivamente; facer frases sinxelas, pronunciando con claridade; non falar telegraficamente; e procurar non alterar as frases para facilitar a comprensión.

- Non dar por boas as frases incorrectas, pensando que xa fan bastante

esfuerzo; axudarlles a que as completen ben.

Debemos colaborar todos no tema da pronuncia; cambiar o mal dito polo

correcto, de maneira que poida aprender por imitación, aínda que coidando non cortar moito a comunicación.

- É importante falar co novo alumno ou alumna, poñendo esforzo en entendela

e facernos entender, e procurando que tamén se esforce, sen traducirlle todo. En todo momento convirá ter en conta algunhas particularidades comúns e frecuentes:

- Interpretar os tempos de silencio como unha fase absolutamente natural no

proceso de adquisición dunha segunda lingua.

- Aceptar os frecuentes cambios de estado de ánimo e do ritmo de traballo, sen preocuparnos excesivamente polas causas, xa que veñen motivados pola adaptación á nova vida escolar con moito esforzo e con sentimentos encontrados.

- É posible que este alumnado, como todos, necesite sentirse comprendido e apoiado. Quere entender, traballar e participar dun xeito normalizado e non sempre é capaz. Considerar que seguramente quere facer as súas achegas e levar responsabilidades como os demais.

Por todo isto, o titor ou titora é o referente principal e máis claro para este

alumnado. Correspóndelle ser o dinamizador do grupo clase, facilitando a relación entre todos, apoiando en todo momento o novo alumnado para lograr a súa integración no prazo máis curto

posible.

Designación do alumnado titor

No punto anterior, xa se tratou das axudas que os compañeiros e compañeiras

lle poden prestar á persoa que acaba de chegar, e tamén se dixo que, no caso de descoñecemento da lingua, se procurará que outra que fale a súa o acompañe o primeiro día. Non obstante, para volver canto antes á normalidade da aula é unha boa experiencia designar temporalmente a figura do alumnado titor.

Durante os primeiros días, pode ser de utilidade que se lle asigne un

compañeiro ou compañeira, que sexa unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa, para sentar ao seu lado e axudarlle, o que damos en chamar alumnado titor. Pode ser fixo ou, sobre todo no caso de educación primaria, ir variando entre todos os da clase. As principais funcións para realizar o alumnado titor son as seguintes:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamentoinicial ou nos tempos de lecer.

Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.

- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
- Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.

É importante que o alumno ou alumna designado como titor ou titora non esqueza ou retarde a súa traxectoria académica no desempeño temporal destas funcións. Para facer un seguimento desta tarefa, e darlle un carácter formal, algún centro educativo ten feito un sinxelo documento onde se rexistra a súa evolución.

Inclúese un posible modelo.

3) Avaliación inicial e adscrición:

A LOE no seu artigo 78o establece que: “1. Corresponde a las Administraciones públicas favorecer la incorporación al sistema educativo de los alumnos que, por proceder de otros países o por cualquier otro motivo, se incorporen de forma tardía al sistema educativo español. Dicha incorporación se garantizará, en todo caso, en la edad de escolarización obligatoria.”, e “2. Las Administraciones educativas garantizarán que la escolarización del alumnado que acceda de forma tardía al sistema educativo español

se realice atendiendo a sus circunstancias, conocimientos, edad e historial académico, de modo que se pueda incorporar al curso más adecuado a sus características y conocimientos previos, con los apoyos oportunos, y de esta forma continuar con aprovechamiento su educación”.

Seguindo a Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, podemos destacar os seguintes aspectos en canto á avaliación inicial e adscrición:

Artigo 1: Considérase alumando obxecto das medidas previstas nesta orde aquel que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, trala correspondente avaliación, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.

b) Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle corresponde pola súa idade.

c) Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Artigo 2: A determinación das necesidades de cada alumno/ a realizaranse a través da avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da súa incorporación ao sistema educativo. De ser o caso, correspóndelle aos Departamentos de Orientación, a realización a avaliación psicopedagóxica correspondente.

Con carácter xeral o alumnado procedente do estranxeiro escolarizarase de acordo co procedemento xeral de admisión, establecido no Decreto 254/2012, do 13 de decembro: Admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos; a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado e a ORDEN de 25 de enero de 2017 por la que se modifica la Orden de 12 de marzo de 2013 por la que se desarrolla el procedimiento para la admisión del alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos que impartan enseñanzas de 2o ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria y de bachillerato reguladas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

a) No caso das idades de escolarización obrigatoria, deberase producir a escolarización no momento de chegada do alumno/ a a Galicia, sen necesidade de que teña que esperar ao inicio do novo curso.

b) O curso da educación básica no que se incorporará inicialmente o/ a alumno/ a determinarase tomando en consideración a súa idade así como o nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas.

En ningún caso se producirá a incorporación do alumno/ a nun curso inferior aos dous anteriores ao que lle corresponde por idade. A avaliación inicial será competencia do mestre/a titor/a en colaboración cos docentes de PT e AL e co xefe do departamento de orientación. Esta avaliación inicial realizarase do seguinte xeito:

Recollendo a información que dea a familia na entrevista inicial: idade, nome e apelidos, escolarización anterior, idioma materno...

Avaliando a competencia curricular nas diferentes áreas instrumentais.

Competencia lingüística no ámbito escolar: galego /castelán.

Observación do comportamento do alumno/a.

O xefe/a do departamento de orientación elaborará un informe onde se recollan os datos citados anteriormente e elevará os datos máis salientables ante o equipo directivo. A partir de dita avaliación inicial, se se considera preciso, poderán proporse algunhas das seguintes medidas de atención educativa:

De tipo curricular: o Reforzo Educativo (Orde 6 de outubro do 1995). o Adaptación curricular (Orde 6/10/1995).

Flexibilizacións de idade.

De tipo organizativo:

Grupos de adquisición de linguas.

Grupos de adaptación da competencia curricular.

ACTIVIDADES A PARTIR DA AVALIACIÓN INICIAL

Reunións cos mestre de apoio dentro do departamento de orientación para planificar actividades.

Coordinación das actividades a levar a cabo con este alumnado, para lograr unha boa integración a todos os niveis.

Aplicación dun programa de coñecemento e dominio das linguas galega e castelá.

Aplicación dun programa de habilidades sociais. O

rganización de grupos de adaptación da competencia curricular

(Orde 20 de febreiro de 2004).

Elaboración de materiais relacionadas coa Educación Intercultural por parte de todo o claustro.

Avaliación do programa e revisión do mesmo.

Acollida ao alumno/ a na aula

Actividades de presentación e coñecemento mutuo:

O/ a titor/ a, que posúe tódolos datos do/ a alumno/ a novo/ a, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros/ as e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula. Alumnos/ as titores: O titor pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro/ a que axude, oriente e acompañe ao novo/ a alumno/ a, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Outras liñas de actuación na aula:

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do/ a novo/ a alumno/ a, co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros/ as mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

5) Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos/ as alumnos/ as, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnosas decisións que tomemos sobre as medidas que se precisan nunha área concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluírán, ademais da enmarcadas na acción tutorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa (Orde do 20 de febreiro de 2004):

- a) De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.
- b) De tipo organizativo: grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

No caso de precisar apoio específico (PT e/ ou AL) seguiranse os criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade (P.X.A.D.) e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada polo xefe do departamento de orientación. É importante no caso destes alumnos desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar

6.3. Profesorado de nova incorporación e profesorado substituto. Cando un profesor/ a se incorpore ao CEIP Mestre Vide, o Equipo Directivo encargarse na primeira reunión do curso (1 de setembro) de explicarlle o seu funcionamento e organización xeral, mostrarlle as dependencias e instalacións do CEIP Mestre Vide e facilitarlle unha carpeta dixital coa documentación necesaria (horarios, plans e proxectos educativos,...) e presentarlle aos compañeiros/ as e persoal do centro.

Do mesmo xeito, cando un profesor substituto chegue ao CEIP Mestre Vide, sería importante que o Equipo Directivo dispuxese dun horario flexible para poder proporcionarlle toda a información necesaria, facéndolle entrega dunha carpeta coa documentación necesaria (horarios, plans e proxectos educativos,...) e facilitarlle a incorporación acompañándoo as diferentes aulas e presentándolle ao equipo docente.

ACTUACIÓNS COA FAMILIA: ACOLLIDA

Recibimento: o equipo directivo será o encargado de recibir ás familias e de explicarlles o funcionamento, a organización e os servizos que oferta o centro. Este recibimento debe facerse adoptando un clima acolledor, nun lugar agradable, dispoñendo do tempo preciso para levar a cabo este primeiro contacto sen

interrupcións.

Actuacións: Entrega as familias dun folleto informativo no que consten os pasos a seguir para escolarizar ao alumno. Informar sobre o funcionamento e a organización do centro:

Sinais de identidade do centro (recollidas no PE).

Normas de funcionamento: dereitos, deberes e normas do centro (na aula, no patio e no comedor escolar).

Calendario escolar. (días lectivos e festividade).

Horarios do centro. o Profesorado do centro por áreas: equipo directivo, claustro, titor/a, departamento de orientación...

Horario de atención a pais. (facilitaráselle por escrito e porase tamén no taboleiro de anuncios).

Información do comedor escolar: menú, horario e prezos.

Saídas extraescolares programadas.

Instalacións do centro (visita á clase do neno, á aula de apoio, ao departamento de orientación, aos despachos do equipo directivo, á sala de usos múltiples...

Información sobre a gratuidade de libros de texto.

Información sobre a ANPA.

Información sobre Becas do MEC.

ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA DO ALUMNO/A NA AULA (levadas a cabo polo mestre/a titor/a):

O profesorado titor establecerá a súa propia estratexia para que a dinámica da aula favoreza a acollida do alumnado que procede do estranxeiro e se integre no grupo con facilidade. En calquera caso, esta estratexia implicará novas formas de organización da aula, novas actividades ou cambios na metodoloxía, de maneira que a acollida sexa unha fase máis dentro dunha educación realmente intercultural.

Quérese dicir que as actividades e os cambios de dinámica para lograr unha integración do alumnado inmigrante non poden dirixirse só a este, se non a todo o grupo da titoría e desde aí estenderse a todo o centro.

Convén organizar algunha actividade inicial na que se prevega que o alumnopoida participar e que sexa para el significativa: xogos, presentación de murais, traballos con soporte visual, representacións.

Tamén é conveniente os primeiros días centrar o esforzo en preparar actividades que faciliten a avaliación inicial e amosen as habilidades e coñecementos básicos que posúe, de maneira que se poida establecer o seu nivel curricular. Para isto é necesario que se

fagan as propostas en diversos formatos: visuais, con escasa carga verbal; incidir en saberes que poidan ser expresados mediante esquemas, gráficos ou debuxos; servirse de imaxes, vídeos, atlas, etc., ou de materiais manipulativos ou gráficos no caso das matemáticas.

Trátase de organizarse para que o alumnado de incorporación tardía participe antes nas responsabilidades compartidas da clase. Tamén convén xestionar os espazos e a dinámica da aula como: currunchos, obradoiros, proxectos, que axuden as persoas que acaban de chegar e a todos a participar e favoreza a corresponsabilidade na aprendizaxe. Así mesmo, desenvolver actividades e situacións que permitan a aprendizaxe cooperativa: formar grupos con membros de diversas capacidades, de distintas etnias ou culturas, nos que o alumnado estranxeiro achegue aspectos da súa cultura e os costumes da súa escola anterior. É moi importante facer participar activamente o novo alumnado naqueles aspectos nos que sexa competente, fomentando a súa estima e dándolle seguridade e confianza: que se exprese na súa lingua, manifestando as súas habilidades ou coñecementos na expresión plástica e musical, na educación física, ou calquera outra área na que non medie de forma relevante a lingua de acollida.

Tamén é preciso incorporar algún xeito de ambientación que facilite as aprendizaxes: rótulos, nomes das cousas, murais, resumos, imaxes, etc., dos temas que se está a estudar ou de situacións habituais.

O alumnado procedente doutra cultura, necesita que o preparen para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas: festas, saídas culturais, revisións médicas. Tamén debe ser atendido cando se lle propoña unha tarefa diferente aos demais alumnos, guiar e avaliar con el o desenvolvemento dela.

As posibles actividades dirixidas especificamente ao alumnado procedente do estranxeiro:

- Informar sobre a comunidade que os acolle: costumes, comidas, horarios de traballo.
- Crear situacións de comunicación en toda a comunidade escolar.
- Facer que o alumnado inmigrante sexa protagonista e dea a coñecer a súa cultura.
- Informar das actividades extra escolares e fomentar a participación de todos.
- Informar sobre o sistema educativo: etapas, niveis, saídas

profesionais.

Posibles actividades dirixidas a todo o alumnado:

- Informar sobre o país ou países de procedencia do alumnado inmigrante: costumes, relixión, cultura.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe estranxeira, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas.
- Escribir, por grupos, ás diversas embaixadas solicitando información e materiais sobre os países representados na clase e comunicarllelo aos demais grupos.
- Programar conferencias, mesas redondas, etc., sobre as culturas, etnias e países de orixe.
- Ver e comentar cintas de vídeo (documentais ou películas) relacionados cos países de orixe.
- Programar semanas culturais dedicadas ao coñecemento mutuo das distintas culturas que conviven no centro: artesanía, gastronomía, folclore, costumes, actos informativos.

Nesta programación, que poderíamos denominar intercultural, haberá que evitar caer no folclorismo mal entendido, e tamén na perda da propia identidade. A utilización didáctica destes contidos debe conducir a un maior coñecemento e enriquecemento mutuo.

Recibimento por parte do mestre/a titor/a na aula.

Presentación do neno o resto dos compañeiros.

Presentación do neno ao claustro.

Distribución dun folleto de benvida en varios idiomas no que aparezan as principais normas do centro e da aula.

Visita guiada do alumno/a ao colexio

Realizar entre toda a clase un mapamundi e localizar o país de procedencia.

Distribuír carteis polos diferentes recunchos da aula no idioma do neno/a e en galego e castelán.

Realización de actividades de coñecemento mutuo.

Entrevista inicial coas familias para darlle a coñecer horarios de titorías, materiais a utilizar, tipo de actividades, normas de funcionamento da aula, recoller información sobre o alumno/a...

Incluír certos aspectos na programación de aula: introdución de obxectivos e

contidos referentes ás diversas culturas e os diversos países.

OUTROS EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DE ACOLLIDA PARA AS AULAS

A OLA DO NOME: sentados cada un na súa cadeira, un neno empezará oxogo levantándose e alzándolle o brazo o compañeiro

ao mesmo tempo que di o seu nome en voz alta. A continuación sentase e o seguinte volve a repetir o proceso.

GRAN SAÚDO: formamos un círculo cos nenos cunha separación aproximada dun metro entre un e outro. Un neno calquera comeza o xogo dando unha volta completa o círculo e batendo a súa man coa de cada compañeiro pronunciando ao mesmo tempo os seus nomes.

Confección dun dicionario en imaxes: realizase un recuncho das letras, usando recortes de revistas e folletos, sobre os obxectos da clase e da vida diaria, escribindo debaixo o seu nome.

Confección dun mural onde os nenos inmigrantes e as súas familias aporten fotografías, obxectos, láminas, etc. propios do seu país. Xogos de roles.

SEMANA DOS BONS DÍAS E GRAZAS: durante unha semana farase unha insistencia especial para traballar os saúdos e as fórmulas de cortesía da despedida. Poden incluírse: exposición de carteis nos corredores con slogans como “Un sorriso non costa, pero Vale tanto!; Alegra esa cara: é o primeiro que vemos cada maná”!... Tamén se pode incluír un mural graffiti que recolla todos os saúdos e despedidas en varios idiomas. Traballar os temas transversais con todo o grupo (racismo, solidariedade, igualdade, traballo en grupo...)

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES A LEVAR A CABO COAS FAMILIAS:

Dialogar sobre as necesidades que lle poidan xurdir. Para aquelas sociedades (árabe, xitana) que discriminan claramente á muller, facer entender aos pais que nunha sociedade democrática coma a nosa, as nenas teñen os mesmos dereitos á cultura que os nenos. Investigar onde vive a familia, situación laboral, coñecemento da lingua, relacións familiares, nivel de alfabetización, estado sanitario, nivel de integración na comunidade e con outros inmigrantes...

6.6. ADECUACIÓN DOS DIFERENTES DOCUMENTOS DE CENTRO

Revisión da PXA (introducindo os cambios oportunos nas actividades previstas).

Modificación do PE (incluíndo nas sinais de identidade a realidade do alumnado inmigrante que se está educando no centro, ademais, deben recollese unha serie de principios, normas e valores que contemplan o respecto á pluralidade cultural, replantando os obxectivos da educación e as medidas a adoptar para alcanzalos.

Revisión / modificación das concrecións curriculares: (introducindo obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de avaliación, competencias básicas actividades relacionadas coas diferentes culturas). Neste proxecto aparecerá recollida a atención a alumnos estranxeiros da seguinte maneira: no apartado de medidas de atención á diversidade axuntarase o plan de acollida.

Revisión do Plan de convivencia para que regule as relacións entre os diversos sectores da comunidade educativa, así como o conxunto de normas básicas de funcionamento, dereitos e deberes que faciliten a convivencia e a integración entre culturas.

ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO ESTRANXEIRO.

Tomando como referente a normativa vixente, faise necesario ter en conta unha serie de aspectos á hora de propoñer a escolarización dun alumno/a nun determinado nivel/grupo/clase.

Criterios de escolarización

A idade cronolóxica: a citada normativa permite unha escolarización de atados anos por debaixo do seu grupo normativo de idade e mesmo contempla a posibilidade de escolarización nunha etapa non obrigatoria se fose o caso.

O desenvolvemento físico e intelectual, o grao de madurez xeral e as competencias curriculares adquiridas.

A lingua ou linguas de instalación e comunicación utilizadas polo alumno/a: emprego dunha das linguas oficiais en Galicia ou descoñecemento de calquera delas. As características do grupo/clase no que ha de escolarizarse.

Asignación de curso/grupo

No caso de existir dous grupos (A e B) no mesmo nivel, ubicaríase naquelque teña menor número de alumnos/as.

Se o número de alumnos fose o mesmo nos dous grupos, incluíríase naquelque se sabe que pode integrarse mellor tendo en conta as características do grupo e as propias do alumno/a.

Información: equipo directivo, titor equipo docente, familia
O departamento de orientación informará ó equipo directivo sobre a escolarización proposta. Con posterioridade, o xefe de estudos notificarállelo ao profesor titor correspondente e este ó equipo docente. Paralelamente, o xefe de estudos e a xefa do departamento de orientación, informarán á familia da escolarización proposta.

GRUPOS DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS:

Tal e como se establece na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, poderán formarse grupos de adquisición das linguas, que son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, para posibilitar a plena incorporación ao curso no que se atope escolarizado ao alumnado obxecto desta medida de atención. Formará parte destes grupos de adquisición das linguas aquel alumnado procedente do estranxeiro que descoñeza completamente ámbalas dúas linguas oficiais de Galicia. Para formar parte destes grupos de adquisición das linguas, deberá ser autorizado pola Xefatura territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo da solicitude feita pola dirección do centro e informe da inspección educativa.

A dirección do centro solicitará a aplicación desta medida, baseándose na avaliación inicial á que se alude neste programa en apartados anteriores. Un alumno/a poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre. Para estar máis tempo terá que ser autorizado pola inspección. No momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas, o alumno/a incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario. Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria e excepcionalmente no último curso de educación infantil. Nun grupo de adquisición poderá haber alumnado pertencente a unha mesma etapa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo. O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 5 períodos lectivos no último curso de E. Infantil, 10 no primeiro ciclo de E. Primaria e 20 no segundo e no terceiro ciclos de E. Primaria. Este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno/a vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

As decisións tomadas a este respecto dependerán do que informe o/a mestre/a encargado/a deste grupo de adquisición, tendo en conta o informe do xefe do departamento de orientación ou unha nova avaliación da competencia idiomática por parte do mesmo. Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno/a,

este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas

materias de Educación Física e Educación Artística. No último curso de E. Infantil e no primeiro ciclo de E. Primaria, ademais das actividades específicas que se poidan desenvolver no grupo de adquisición das linguas tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

O/A titor/a deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado polo departamento de orientación.

A avaliación das aprendizaxes específicas sobre a lingua será continua e servirá de referente para a toma de decisións sobre o horario de permanencia no grupo de adquisición das linguas.

Durante o período de permanencia no grupo de adquisición das linguas os pais/nais serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe específica de tipo lingüístico, así como no relativo á súa integración na vida do centro.

Con coñecementos de lingua estranxeira (inglés ou francés): a inmersión faríase a partir do inglés ou francés coa colaboración do profesorado. O profesorado que teña recoñecida calquera destas especialidades sería o máis axeitado para levar a cabo esta tarefa específica.

Sen coñecementos de lingua estranxeira (inglés ou francés): a inmersión requiriría un tratamento individualizado no que ademais do profesor titor e equipo docente faríase necesaria a colaboración do especialista de AL.

Esta medida de actuación terá un tempo máximo de aplicación dun trimestre

7.2. GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles

que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado.

Esta medida será aplicable a aqueles alumnos/as que presenten un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade, segundo a avaliación inicial que se lle faga. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas

materias de carácter instrumental, sen que abranxa a totalidade do horario semanal de cada unha das materias coas que coincide.

Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.

Os grupos de adaptación da competencia curricular neste Centro só se poderán desenvolver no segundo e no terceiro ciclos de educación primaria. O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación curricular non necesitará pertencer ao mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos lectivos.

O mestre/a titor/a establecerá a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.

O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia

curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. Sen embargo, a emisión das cualificacións corresponderá ao profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado. Os pais/nais ou persoas responsables do alumno/a serán informados sobre os seus progresos na superación do desfase curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro.

7.3. ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO.

Para este apartado terase en conta o disposto na disposición adicional da Orde de 20 de febreiro de 2004 varias veces citada neste programa, que na súa Disposición adicional Única sinala os criterios para a escolarización do alumnado procedente do estranxeiro e que son os seguintes:

Con carácter xeral o alumnado procedente do estranxeiro escolarizarase de acordo co procedemento xeral de admisión, agás nos seguintes aspectos:

No caso das idades de escolarización obrigatoria, deberase producir a escolarización no momento da chegada do alumno a Galicia, sen necesidade de que teña que esperar o inicio do novo curso.

O curso da educación básica no que se incorporará inicialmente o alumno determinarase tomando en consideración a súa idade así

como o nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas.

En ningún caso se producirá a incorporación do alumno nun curso inferior ós dous anteriores ao que lle correspondería por idade. Así mesmo, dentro da idade obrigatoria o curso de incorporación pertencerá á ensinanza básica, agás no caso do alumnado con necesidades educativas especiais.

8. TEMPORALIZACIÓN.

Este programa comezará a aplicarse ao día seguinte da súa aprobación no curso escolar 2017/2018, sendo o referente para o alumnado e profesorado de nova incorporación nos primeiros días de setembro e para aqueles alumnos/as que formalicen a súa matrícula antes de rematar o curso.

Para aqueles alumnos/as que se matriculen durante os primeiros días de

setembro do curso escolar 2018/2019, comezará a aplicarse neste mes e para aqueles alumnos/as que por mor de traslado ou doutras causas se matriculen xa comezado o curso comezará a aplicarse nos primeiros días de asistencia ao colexio. As reunións de preparación do mesmo faranse durante todo o curso, aproveitando as reunións do Departamento de Orientación. A aplicación farase durante todo o curso.

Os folletos para as familias debe distribuírse no momento da formalización da matrícula e si se considera oportuno, reiterando a súa entrega a finais de curso con consellos para os pais/nais a seguir durante o verán. Tamén se debe informar aos pais e nais sobre todo o que poida ser de interese acerca do Colexio.

Ao longo de todo o curso farase un seguimento da aplicación deste programa, mantendo debidamente informadas ás familias da situación dos seus fillos/as na escola. A información ás familias será feita tanto polo titor/a como, naqueles casos que se estime oportuno, por parte do Xefe/a do Departamento de Orientación ou pola Dirección do Centro.

Consideramos de importancia a utilización das novas tecnoloxías e demais

recursos didácticos para facilitar canto antes a comunicación do alumno/a no medio escolar e social no que se atopa.

A escolarización do alumnado procedente do estranxeiro require dun tratamento específico que tratamos de reflectir neste plan. Pero para que a súa integración sexa plena, requírese tamén dun tratamento común ó resto do alumnado recollido no Plan de Acción Tutorial.

Por outra parte, ademais das medidas de atención previstas polo centro e recollidas no apartado anterior, non convén esquecer as aprendizaxes incidentais que se producen en espazos e situacións non regradas como: xogos, recreos, relacións con iguais,..., que favorecen a inclusión do alumnado na comunidade educativa e por extensión na sociedade.

9. RECURSOS.

Os recursos a empregar serán os existentes no CEIP Mestre Vide.
Recursos persoais no CEIP Mestre Vide:

2 mestre definitivo de PT.

2 mestra de PT en comisión de servizos.

1 mestra de Audición e Linguaxe ,definitiva.

Equipo docente.

1 Xefa do departamento de orientación,

Equipo directivo

Familias.

Recursos materiais: carteis, cartolinas, vídeos, DVS, mapas, pictogramas, ordenador, métodos para aprender o español e o galego, libros, cadernos, trípticos, revistas, xornais, folletos...

10. AVALIACIÓN.

O Plan de Acollda recollerá na súa formulación a avaliación da súa posta en marcha e do seu desenvolvemento. A comisión de coordinación pedagóxica ten un papel relevante como dinamizadora e colaborará na difusión desta avaliación, ben a través dos coordinadores de ciclo e de nivel no caso de centros de educación primaria, ou ben polas canles que cada centro determine.

Os instrumentos máis comunmente utilizados son as enquisas e os cuestionarios. Non fai falla que sexan moi extensos, pero convén que recollan os aspectos máis significativos das accións enumeradas no plan. A continuación enuméranse algúns dos que poden recollese neles:

- Sobre accións de sensibilización da comunidade educativa sobre cuestións de interculturalidade.
- Sobre as accións formativas realizadas polo profesorado do centro nestatemática e a súa repercusión na vida deste.
- Sobre a suficiencia ou insuficiencia da información achegada ás familias e asúa participación no plan.
- Sobre a realización da avaliación inicial, a creación de instrumentos para ela e a implicación dos departamentos e dos equipos de ciclo.
- Sobre os agrupamentos e as modalidades de apoio, así como, de

ser preciso, a elaboración de adaptacións curriculares individuais e as medidas de reforzo educativo. - Sobre o grao de relación e colaboración entre o centro educativo e as institucións locais, asociacións, etc.

- Sobre o papel do restante alumnado respecto da integración do alumnado estranxeiro na vida do centro e na vida extra escolar.

- Sobre as prácticas educativas postas en marcha e o seu funcionamento: atitoría, a aprendizaxe cooperativa ou calquera outra.

- Sobre as melloras que hai que incluír cara ao futuro no Plan de Acollida.

Respecto aos seus destinatarios, coas necesarias adaptacións, cabe a posibilidade de ser dirixidos aos distintos implicados na elaboración e posta en práctica do plan: un cuestionario para as familias, outro para o profesorado en xeral e outro para o alumnado, cando a idade deste o faga aconsellable.

Como todo programa, debemos avaliar o plan de apoio ao alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español dende dúas perspectivas: 1. Avaliación do grao de consecución dos obxectivos.

2. Avaliación da súa posta en práctica.

Ao remate de cada curso académico debe ser revisado e modificado

dependendo das características do alumnado e das dificultades/éxitos do mesmo.

INDICADORES DE AVALIACIÓN

CRITERIOS VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA

1. É funcional o plan de acollida e responde ás características do centro.

2. Adopta unha perspectiva global e diríxese a todo o alumnado matriculado no centro.

3. É asumido por toda a comunidade educativa e ponse en práctica cada vez que se escolariza un alumno con Integración tardía.

4. Facilita a escolarización do alumnado e a acollida dos familiares no centro.

5. Garante unha educación de calidade, equitativa e inclusiva.

6. Proporciona a información precisa ao profesorado titor.

7. Promove a participación do alumnado que procede doutros países nas actividades do centro.

8. Potencia a aparición de actitudes de tolerancia e diálogo.

Como todo programa, debemos avaliar o plan de apoio ao alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español dende dúas perspectivas: 1. Avaliación do grado de consecución dos obxectivos.

2. Avaliación da súa posta en práctica.

Ao remate de cada curso académico debe ser revisado e modificado dependendo das características do alumnado e das dificultades/éxitos do mesmo.

INDICADORES DE AVALIACIÓN CRITERIOS VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA

1. É funcional o plan de acollida e responde ás características do centro.

2. Adopta unha perspectiva global e diríxese a todo o alumnado matriculado no centro.

3. É asumido por toda a comunidade educativa e ponse en práctica cada vez que se escolariza un alumno con Integración tardía.

4. Facilita a escolarización do alumnado e a acollida dos familiares no centro.

5. Garante unha educación de calidade, equitativa e inclusiva.

6. Proporciona a información precisa ao profesorado titor.

7. Promove a participación do alumnado que procede doutros países nas actividades do centro.

8. Potencia a aparición de actitudes de tolerancia e diálogo.

Como todo programa, debemos avaliar o plan de apoio ao alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo español dende dúas perspectivas: 1. Avaliación do grado de consecución dos obxectivos.

2. Avaliación da súa posta en práctica.

Ao remate de cada curso académico debe ser revisado e modificado

dependendo das características do alumnado e das dificultades/éxitos do mesmo.

INDICADORES DE AVALIACIÓN CRITERIOS VALORACIÓN PROPOSTAS DE MELLORA

1. É funcional o plan de acollida e responde ás características do centro.
2. Adopta unha perspectiva global e diríxese a todo o alumnado matriculado no centro.
3. É asumido por toda a comunidade educativa e ponse en práctica cada vez que se escolariza un alumno con Integración tardía.
4. Facilita a escolarización do alumnado e a acollida dos familiares no centro.
5. Garante unha educación de calidade, equitativa e inclusiva.
6. Proporciona a información precisa ao profesorado titor.
7. Promove a participación do alumnado que procede doutros países nas actividades do centro.
8. Potencia a aparición de actitudes de tolerancia e diálogo.